



Santiago, 1 de setembro de 2015

Benquerido/a compañeiro/a:

Co aquel do aniversario do pasamento de ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, (20 de marzo de 1910) o centro público que ten a honra de levar o seu nome, convoca o XII concurso de redacción e investigación histórica "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", dirixido a escolares de 5º e 6º curso de educación primaria, e 1º ciclo da E.S.O.


O obxectivo deste certame é descubrir a nosa historia a partir de ditos, refráns, modismos, lendas etc., de xeito que os nenos e as nenas participantes teñan que facer unha pequena investigación histórica a través de libros, enciclopedias, internet e outros medios. E tamén preguntando na súa casa aos seus ascendentes.

O tema proposto para este ano ten como título "SE VAS A SAN BENITOÑO, NON VALAS O DE PAREDES" a partir do cal os alumnos e alumnas deberán descubrir a orixe deste dito e a súa explicación histórica, segundo as bases da convocatoria.

Esperamos contar coa túa colaboración nesta XII edición de "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", que agardamos teña unha boa acollida entre profesorado e o alumnado do teu centro

Sen outro particular, recibe unha forte aperta.



  
Asdo.: José R. Carril Vázquez  
Coordinador do EDLG  
Director do centro

"FALEMOS DA NOSA HISTORIA"

### BASES

- 1º- Poderán participar todos os escolares da nosa Comunidade Autónoma que ao longo do curso escolar 2015 – 2016 cursen estudos de 5º e 6º de Educación Primaria, ou 1º ciclo da E.S.O.
  - 2º- Os traballos presentaranse exclusivamente en lingua galega.
  - 3º- Os traballos serán orixinais
  - 4º- A extensión máxima dos traballos non sobrepasará os tres folios (DIN-A4), escritos á man e por unha soa cara.
  - 5º- Se o concursante decidira acompañar un traballo plástico sobre o tema, este poderá ser presentado a maiores dos tres folios anteditos.
  - 6º- Os traballos circunscribíranse única e exclusivamente ao título do tema.
  - 7º- Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do colexio.
  - 8º- O traballo gañador será publicado na revista do colexio "Antonio López Ferreiro" – PEGADA -, ou noutros medios de comunicación que decida o centro.
  - 9º- O xurado estará composto por tres personalidades de solvencia recoñecida no eido da historia e das humanidades.
  - 10º- As decisións do xurado serán inapelables.
  - 11º- Estableceranse tres premios:
    - A - cerámica e diploma
    - B - cerámica e diploma
    - C - cerámica e diploma
- Premio especial do Concello de Santiago para os tres primeiros premiados.  
Premio de Afundación.  
Premio para os centros: lote de libros da Fundación Pedro Barrié de la Maza.  
Premio da Real Academia Galega.  
Premio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- 12º- O prazo de presentación dos traballos será desde o 1 ao 29 de febreiro do 2016, e deberán enviar ao seguinte enderezo:
- Concurso "Falemos da nosa Historia"  
GEIP "LÓPEZ FERREIRO"  
R/ XOAN XXIII S/N  
SANTIAGO DE COMPOSTELA
- 13º- Os traballos virán asinados con pseudónimo incluíndo en sobre adxunto os datos persoais, así como curso, centro escolar e teléfono de contacto.